



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presentan para debate e aprobación, se procede, polo pleno da corporación, a seguinte **Moción a respecto dos danos causados polas choivas na comarca de A Limia**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A climatoloxía volve xogarlle unha mala pasada ao agro limiá. O ano pasado a seca provocou que case a metade da colleita de cereal de primavera da comarca se estragara, e agora o problema é a auga.

As choivas caídas durante as últimas semanas anegaron miles de hectáreas en toda a comarca. Centos de parcelas repartidas polos concellos de Xinzo, Sandiás, Trasmiras, Porqueira e Vilar de Barrio están inundadas. Iso sucede xusto no momento no que se ten que plantar o cereal de primavera e as plantas da pataca.

Os cálculos máis optimistas son que a maquinaria agrícola non poderá entrar ata dentro de varias semanas nas parcelas. O atraso na sementeira demorarase como mínimo un mes, ata ben entrado maio. A falta de avaliación oficial, non menos dun 40% do cereal de inverno xa cultivado fai meses estragouse pola podremia en moitas das plantas. As perdas poderían ser de máis de 15 millóns de quilos só neste produto.

O problema é que o atraso na sementeira tamén mermará moito a produción do cereal de ciclo curto. A Limia recolle cada ano en torno a 60 millóns de quilos de cereal, sobre todo trigo e centeo.

A auga nas parcelas limpou o abono botado nas leiras fai semanas para preparar a sementeira, que se produce normalmente nestas datas. Isto obrigará a abonar de novo no seu momento con custos adicionais importantes.

O panorama tampouco é bo para a pataca. A demora de polo menos un mes en sementar o tubérculo provocará -segundo as previsións- unha perda importante na cifra de produción, que nun ano rolda unha media de 100 millóns de quilos na comarca.

Unha alta porcentaxe da pataca de semente que os agricultores teñen na casa e que non será plantada ata maio perderase e a merma no momento de recoller o tubérculo tamén será

moi elevada, posiblemente de decenas de millóns de quilos.

Por todo o anterior exposto SOLICITAMOS a adopción por parte do Pleno do seguinte

ACORDO

Urxir a Xunta e Estado a avaliar os danos provocados polas choivas na comarca de A Limia e habilitar, en consecuencia, unha orde de axudas para os agricultores/as.

Ourense, 20 de abril de 2016

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

